



A Asemblea Republicana de Vigo celebra mañá, **martes 12 de abril do 2011 ás 20.15h no Edificio Municipal do Areal**, unha palestra de José Antonio Barroso (alcalde por IU de Puerto Real, Cádiz) baixo o título: "Borbones versus República", enmarcada dentro do programa de actividades da asemblea que se están a levar a cabo durante este mes de abril.

Militante do PCE e alcalde por IU na localidade gaditana de Puerto Real, José Antonio Barroso veu a converterse nos últimos anos en todo un referente estatal dentro do movemento republicano. Véndose represaliado por iso en varias ocasións (destacándose a acusación da AN de inxurias graves ao Rei no 2008 que rematou nunha multa de 6.840€), non dubida en seguir a sinalar á monarquía como culpable e garante dun sistema explotador e a reclamar a III República como marco superador da barbarie actual.

As mozas e mozos estamos xa fartos de que os dereitos sociais, económicos e políticos da Constitución do 78 non se cumpran. A xuventude de hoxe en día non temos acceso á vivenda, educación, emprego, igualdade, etc. evidenciando que o marco constitucional actual non ofrece solucións aos nosos problemas: Evidenciando que a loita por unha III República de traballadoras e traballadores é hoxe máis necesaria ca nunca!

Monarquía e capital, dúas caras da mesma moeda!

[Preme aquí para ver a lista completa dos actos da Asemblea Republicana de Vigo.](#)